

2024 AVALIACIÓN programación cultural CARRAL

Carlos Lorenzo Pérez
Técnico de Cultura



Marzo 2025

ÍNDICE

3	PRESENTACIÓN
4	PROGRAMACIÓN CULTURAL DO ANO 2024
7	PRINCIPAIS DATOS DO ANO 2024
17	A EVOLUCIÓN DA PROGRAMACIÓN CULTURAL DESDE 2015
31	CONCLUSIÓNS
33	PROPOSTAS
35	ANEXO: relación de actividades e datos 2024

PRESENTACIÓN

Este documento é un informe de avaliación da actividade levada a cabo polo departamento municipal de Cultura do Concello de Carral ao longo do ano 2024. Realízase co obxecto de obter datos que no permitan valorar os resultados e os impactos na cidadanía, á vez que nos achega información que permite corrixir eivas e reorientar estratexias e políticas culturais.

Con respecto a anos anteriores, ampliamos algúns datos novos que nos axudan a profundar mellor nos resultados das actividades e programacións.


Como advertimos en cada informe anual, nesta avaliación manexamos fundamentalmente datos cuantitativos, que resultan moi útiles para revisarmos as liñas de actuación do departamento municipal de Cultura, mais aquel factor que debe ser o principal a valorar, o índice de mellora sociocultural de Carral, non chegamos a ser capaces de deducilo, xa que se deben facer con outras metodoloxías de análise máis complexas que deben realizarse a longo prazo, o que non debe servir de pretexto para que o Concello de Carral deixe de explorar opcións que permitan coñecer se realmente se acada tan importante obxectivo.

PROGRAMACIÓN CULTURAL DO ANO 2024

O departamento de Cultura do Concello de Carral desenvolve a parte esencial da súa actividade con programas, algúns deles con “marca” propia, que se estabilizan no calendario anual agrupando propostas ben polas disciplinas ou polo público ao que se dirixen, con obxectivos específicos e metodoloxías diversas.

Así, no 2024, os principais programas ou ciclos foron os seguintes:

- **CINE DOCUMENTAL GALEGO:** é unha programación de películas documentais producidas en Galicia que por non atoparse nos circuitos habituais de distribución, resulta complexo que o público poida acceder a elas. Ademais, pola diversidade das súas temáticas de interese cultural, social, ecolóxico, antropolóxico ou histórico son atractivas para os espectadores. As proxeccións complementáanse con coloquios cos seus directores ou produtores, o que aumenta o seu interese, aproveitamento e contribúe a poñer en valor o audiovisual galego.
- **CONTACTOS PARA A ANIMACIÓN Á LECTURA:** desde a apertura da Biblioteca municipal no ano 1997, púxose en marcha unha programación regular de sesións de contacontos para rapaces maiores de 4 anos que fomentara neles o hábito da lectura. A devandita programación ten lugar o último xoves de mes de xaneiro a maio e de outubro a decembro. Este programa complementácese con outras sesións específicas para bebés (0 a 3 anos) ou que se levan a cabo noutros espazos.



- **PREMIO DE POESÍA CONCELLO DE CARRAL:** no 2024 o certame levou a cabo a súa 27ª edición. Ademais foi merecedora neste exercicio dun dos Premios Rodolfo Prada á Xestión Cultural que concede a Deputación de Ourense. O concurso poético de Carral está consolidado coma uns dos máis importantes no eido da literatura galega. Nesta edición superou o seu record de participación con 94 poemarios presentados a concurso. O certame expándese con outras actividades como son obradoiros de poesía nos centros de ensino e concursos para alumnado de primaria e da ESO.
- **CULTURÚA:** este programa naceu como consecuencia das adaptacións que se tiveron que tomar polas consecuencias da COVID-19, que recomendaban distancias de seguridade e actividades ao aire libre. A concellería de Cultura apenas tiña antes programación de rúa no verán xa que se demostrara a falta de interese na participación da cidadanía. Un novo xeito de entender o lecer e a cultura do espectáculo despois da pandemia, provocou a creación de CultuRúa que se está a

CultuRúa naceu a consecuencia da COVID-19

consolidar con bos niveis de aceptación. Esta programación ofrece propostas de diversas disciplinas e para todas as idades. A súa execución faise no Campo da Feira, aínda que está aberta a outros emprazamentos.

- **MÚSICAS ÍNTIMAS:** é o ciclo de música que se desenvolve durante unha fin de semana no verán. Ante uns índices moi baixos de participación nas propostas musicais, naceu no 2016 co obxectivo de fomentar o desfrute pola música entre a poboación de Carral, ofrecendo os concertos nun espazo singular como é o da piscina municipal. Por modificacións na devandita instalación, desde a edición de 2023 levouse a cabo nas salas do edificio Toñito Espiñeira e da Casa da Cultura, non sendo satisfactorios os niveis de asistencia.
- **NOITES DE MONÓLOGO:** no 2024 levouse a cabo a décima edición deste ciclo de propostas de narración oral que tenta achegar os espectáculos ao vivo ao público adulto mais novo. Sempre se desenvolve inmediatamente despois das festas do Socorro e precede ao ciclo de Teatro de Outono.
- **TEATRO DE OUTONO:** esta programación concentra o maior número de propostas teatrais para público adulto, aínda que tamén se inclúen algúns espectáculos para todos os públicos. Na edición 2024 incorporou os espectáculos do Festival Galicreques no que tamén participa Carral.
- **PAPEQUES:** é unha programación para público infantil con propostas de artes escénicas, musicais, audiovisuais e de narración oral. Busca crear na infancia o amor pola cultura, promovendo hábitos e fomentando o seu contacto coa creatividade, a diversidade, o respecto polos artistas e demais público, o seu sentido crítico e a curiosidade polas diversas manifestacións artísticas. Papeques naceu como programa municipal no 2018.



Convén apuntar tamén algunhas observacións sobre outras actividades programadas no 2024:

- O **Festival “Muller a Escena” (FEM)** foi unha programación proposta pola Deputación da Coruña a través de Igualdade de Xénero, con espectáculos e charlas divulgativas que se realizaron no mes de xaneiro e que salientaron o protagonismo feminino nas artes escénicas, na arte das regueifas ou no audiovisual, entre outros.
- O **Centro Dramático Galego** achegou a oportunidade de exhibir no verán o espectáculo **De Vilatriste a Vilalegre**, que coproduciu para unha xira en 100 concellos galego entre os que estivo Carral. Este tipo de iniciativas contribúen a achegar a todos os públicos os espectáculos da compañía teatral pública autonómica.

- **Dinamiz-ARTj** é un programa do Instituto para a Transición Xusta O.A. a través da Fundación Ciudad de la Energía-CIUDEN, F.S.P. que pretende xerar unha oferta cultural ampla nos municipios afectados polo proceso de peche de instalacións en zonas de Transición Xusta, contribuíndo á difusión e promoción das artes escénicas por medio de actuacións e actividades artísticas ofrecidas por artistas españois ou residentes en España. Carral, nesta segunda edición do programa viuse beneficiada con 5 espectáculos escollidos polo departamento de Cultura do catálogo, sen que supuxera gasto algún para o Concello.
- **Elas son artistas** é un ciclo que se desenvolve na área metropolitana da Coruña organizado por DezdeDez e que ten como liña de acción a exhibición de propostas musicais e artísticas protagonizadas por mulleres. O Concello de Carral leva 4 anos integrado na rede de concellos que acollen Elas son artistas.
- A **exposición fotográfica *Nós tamén fomos emigrantes*** estivo promovida por Afundación e instalada na sala de exposicións do Edificio Social Toñito Espiñeira.



PRINCIPAIS DATOS DO ANO 2024

Achegamos os principais datos da programación municipal do 2024, indicando as cifras de participantes e espectadores, o número de eventos e actividades e a media de asistencia en cada categoría.


TIPO DE ACTIVIDADE	Participantes	Nº eventos	Media asist.
Teatro, maxia, títeres e monólogos	2067	26	80
Contacontos	869	20	43
Cine	210	10	21
Obradoiros e Escolas	128	3	43
Outros (conferencias, presentacións...)	69	5	14
Danza	70	1	70
Música	295	3	98
Exposicións	135	2	68
Concursos de poesía	166	2	83
TOTAL	4009	72	

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

CONCELLO DE CARRAL



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Dispomos do reconto de asistencia por xénero (homes e mulleres) sendo os datos os seguintes:

Asistencia por sexo		Nº
Homes		1.635
Mulleres		2.374
	TOTAL	4.009

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Sobre este primeiro conxunto de datos podemos facer algunhas consideracións:


- As artes escénicas, incluíndo a danza, supón algo máis dun terzo da programación anual e a metade do total dos beneficiarios.
- As sesións de contacontos para público infantil son a segunda categoría de actividades mais numerosas no 2024, sendo tamén a segunda en número de asistentes. É preciso apuntar que dámoslle a consideración de contacontos a espectáculos infantís ao vivo de pequeno formato con intencionalidade didáctica ou que promoven o hábito á lectura.
- A proxección de audiovisuais foi a terceira categoría con máis programación, sendo a cuarta no número de público asistente.
- A música, cunha programación de tan só 3 propostas, conseguiu a maior media de asistencia (98); se ben a cifra nutriuse co concerto de *Leria*, do ciclo *Elas son artistas*, na que todo o alumnado do IES de Carral, de maneira cautiva, gozou da actuación. Se calculáramos a media de asistencia exclusivamente cos 2 concertos de *Músicas Íntimas*, a cifra baixaba a 18 espectadores.
- As mulleres son as maioritarias na participación da oferta cultural, cunha proporción de tres quintas partes sobre o total.

As artes escénicas
supuxeron un
terzo do total da
programación

Repasemos os datos relativos ás **actividades incluídas en circuítos, redes, festivais ou asumidas polo Concello** na súa totalidade; as **subvencións percibidas**, así como datos relacionados cos **lugares** nas que se levan a cabo.

Actividades por	Nº
Rede Cultural	16
Cultura no Camiño	3
Ler conta moito	3
Rede Normalización Lingüística	1
Elas son artistas	2
DinamizArt-J	6
FME (Deputación - Igualdade)	7
Deputación (Cultura)	2
Afundación	1
Centro Dramático Galego	1
Propias ou en colaboración	30
TOTAL	72

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Ao respecto destes datos facemos algunhas consideracións:

Coa Rede Cultural faise o maior número de actividades subvencionadas

- As actividades que leva a cabo o departamento de Cultura sen subvencións ou propostas de balde que achegan outras institucións supón algo máis do 40%. Nesa categoría están incluídas actividades que se organizaron coa colaboración de asociacións ou particulares.


- Coa axuda económica da Rede Cultural da Deputación da Coruña é coa que se realiza o maior número de actividades.
- As propostas que se levaron a cabo coa axuda da Deputación da Coruña, ben coa subvención da Rede Cultural ou ben cos espectáculos ou actividades que se nos propuxeron realizar sen ter que facer achega económica directa, sumaron un total de 25, resultando un terzo do total de actividades.
- Da Xunta de Galicia contouse coa colaboración ou coas axudas económicas de Cultura no Camiño, de Ler conta moito e da Rede de Normalización Lingüística, coas que se levaron a cabo un total de 7 actividades, o que supón un 10% do total da programación municipal.

Vistos os datos anteriores, procede agora presentar os datos das subvencións recibidas para executar a programación cultural:

Subvención	Entidade concedente	Importe €
Rede Cultural	Deputación da Coruña	19.768,20
Cultura no Camiño	Agadic	2.500,00
Ler conta moito	Consellería de Cultura	840,51
TOTAL		23.108,71


Fonte: elaboración propia

A Concellería de Cultura, para desenvolver a programación do 2024, atendeu directamente gastos por un importe total de 61.010,55 €. Traslamos este dato e o das subvencións recibidas e podemos configurar o seguinte gráfico:



Fonte: elaboración propia

Das subvencións percibidas obtemos a seguinte gráfica que nos amosa a proporción de cada unha no total percibido:



Fonte: elaboración propia

Hai que salientar, aínda que non queda reflectido na táboa nin na gráfica anterior, que da Xunta de Galicia se contou cunha axuda de 3.500 € para o Certame de Poesía Concello de Carral. Non foi un importe percibido polo Concello de Carral mais que si atenderon gastos directamente relacionados co concurso. Desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística atenderon gastos para a adquisición do libro publicado gañador na edición do 2023 por un importe de 1.000 €, mentres que desde a Dirección Xeral de Cultura pagou directamente gastos por importe de 2.500 € cos que se adquiriron libros da edición do 2023 e asumiu o caché da actuación do grupo DOA que interveu no acto de entrega do premio e de presentación do libro.

A Xunta de Galicia colaborou con 3500 € para o premio de poesía

Continuando coa análise económica da programación cultural municipal do 2024, ofrecemos a continuación datos e gráficas sobre os totais de gasto por categorías, o gasto medio por actividade e o gasto medio por participante en cada categoría. Como se poderá comprobar na relación de actividades que se presenta na parte final deste informe, de cada espectáculo ou actividade se detallarán eses datos.


TIPO DE ACTIVIDADE	Total gasto	Media gasto por evento	Media gasto por participante
Teatro, maxia, títeres e monólogos	36.514,56	1.404	17,67
Contacontos	7.008,18	350	8,06
Cine	2.330,57	233	11,10
Obradoiros e Escolas	3.716,19	1.239	29,03
Outros (conferencias, presentacións...)	558,50	112	8,09
Danza	1.500,00	1.500	21,43
Música	5.255,55	1.752	17,82
Exposicións	0,00	0	0,00
Concursos de poesía	4.127,00	2.064	24,86
TOTAL	61.010,55		

Fonte: elaboración propia

Procede indicar que as medias obtidas no caso dos concursos de poesía hai que consideralas coa prudencia que son actividades que desenvolven con dinámicas e expectativas diferentes nos seus impactos e nos beneficiarios posibles.


Houbo un total de 22 espectáculos ou actividades que non supuxeron un gasto directo para o Concello de Carral porque xa estaba asumido por outra entidade (Deputación da Coruña, Xunta de Galicia, Instituto para la Transición Justa...).

Cos datos da táboa anterior presentamos estas gráficas:




Fonte: elaboración propia

ç



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Ao respecto destes datos facemos algúns apuntamentos:

- O total do gasto da programación do ano (61.010,55 €) supuxo o 0,96% do total do orzamento municipal do exercicio (6.321.018,87 €).
- Se temos en conta os programas orzamentarios dedicados a Cultura (330: administración xeral de Cultura; 344: promoción cultural e 3321: bibliotecas públicas), que suman 388.842,48 €, o gasto da programación supuxo o 15,69% do orzamento anual para Cultura.
- As artes escénicas supoñen tres cuartas parte do gasto total no 2024.
- Excluindo os concursos de poesía (o certame Concello de Carral e os que se fan para público escolar), os concertos e o espectáculo de danza son os que suman unha maior media de gasto.
- Cando observamos o gasto por participantes, foron os obradoiros e a escola de Teares os que deron como resultado unha maior media de gasto por participante.


O gasto na programación cultural supuxo o 0,96% do orzamento municipal

Pasamos ao repaso da relación de espazos segundo o total de usos que se fixeron deles durante o exercicio:

Actividades en	Nº
Biblioteca (Casa da Cultura)	16
Sala de audiovisuais (Casa da Cultura)	14
Sala Edificio Toñito Espiñeira	6
Local Xente Nova	19
Campo da Feira	6
Centros de ensino	5
Centro Antón Fraguas	1
Pista cuberta Espiño	3
Museo Castro das Travesas (Casa da Cultura)	2

Fonte: elaboración propia

CONCELLO DE CARRAL



Fonte: elaboración propia

- O Local Xente Nova é o recinto que acolleu un maior número de espectáculos da programación 2024.
- Os tres espazos da Casa da Cultura (Biblioteca, Sala de Audiovisuais e o Museo do Castro das Travesas) acolleron case a metade da programación (45%).
- Das oito parroquias do municipio, só as de Carral e Tabeaio acolleron actividades culturais municipais.


Desde o ano 2020 lévase a cabo un seguimento do aspecto da **igualdade de xénero** na programación cultural. Establecéronse catro valores segundo as actividades sexan máis ou menos favorecedoras da igualdade entre sexos. Así, fixéronse os seguintes valores e criterios:

- **A:** Sen presenza da muller en ningunha faceta salientable da actividade.
- **B:** Presenza feminina nalgunha faceta visible da actividade e contido respectuoso coa muller.
- **C:** Presenza feminina en varias facetas da actividade e contido que promova a figura da muller.
- **D:** Presenza maioritaria da muller nas principais facetas da actividade (creación, dirección, elenco, técnica...) e contido que promova a figura da muller.

Os datos deste epígrafe obtidos no 2024 son os seguintes:

Actividades por igualdade de xénero	
Tipo	Nº
A	11
B	21
C	14
D	27

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Remataremos este primeiro apartado con datos específicos do 2024 achegando os que se refiren ao reparto de actividades ao longo dos meses do ano.

Actividades por meses	
Xaneiro	9
Febreiro	2
Marzo	5
Abril	4
Maio	7
Xuño	5
Xullo	2
Agosto	6
Setembro	7
Outubro	7
Novembro	12
Decembro	7

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Analizando os datos destes dous últimos apartados podemos indicar:

- As actividades que mellor atenderon a promoción de igualdade de xénero foron maioritarias sumando (as dos tipos C e D) un 54% do total da programación.
- O mes do 2024 que maior concentración de actividade tivo foi o mes de novembro, seguido do de xaneiro no que o festival FEM colocou toda a súa programación de Carral. Febreiro xa é un mes tradicionalmente de pouca programación cultural e o de xullo, por mor das vacacións do persoal de Cultura, aliviou a súa carga de actividades.
- En xeral pódese considerar que a programación cultural estivo homoxeneamente repartida no ano.


A EVOLUCIÓN DA PROGRAMACIÓN CULTURAL DESDE 2015

A importancia da avaliación das nosas programacións ven dada pola ollada que nos ofrece da evolución dos datos numéricos asociados ás actividades. Desde o ano 2015 elaboramos con detalle a análise da programación municipal de Cultura, o que xa nos ofrece una traxectoria de case unha década na que podemos comprobar como ten sido a súa evolución. Repasemos os datos principais deste percorrido.

Continúase a análise coa valoración da evolución dos datos desde o 2015 para determinar as tendencias:

Evolución nº actividades	
Ano	Nº Actividades
2015	50
2016	62
2017	73
2018	71
2019	73
2020	67
2021	80
2022	75
2023	76
2024	72

Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia

- O nivel de programación mantense desde o 2017, agás algunha variación puntual no 2020 e 2021, anos nos que a programación viuse afectada pola pandemia da COVID-19.


No que atinxe á **evolución dos beneficiarios** nestes anos, podemos amosar os totais e desagregados polas categorías que manexamos neste informe. Debido a que foi no 2024 cando se incorporaron os datos de participación no Premio de Poesía Concello de Carral e nos concursos de poesía escolar e xuvenil, sen que en anos anteriores se detallaran esas cifras, excluímolos desta análise da evolución por categorías. Si que amosaremos a evolución do certame Concello de Carral nunha táboa e gráfica específica.

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Teatro, maxia, títeres e monólogos	843	1710	1013	1149	1836	638	1587	2137	1932	2067
Contacontos	425	718	751	821	700	247	166	424	716	869
Audiovisual	405	490	606	603	789	295	217	328	173	210
Obradoiros e Escolas	31	199	241	150	233	114	167	152	186	128
Música	420	782	702	519	1013	859	554	745	497	295
Exposicións	220	70	8005	778	345	110	150	3277	95	135
Festas	860	70	280	220	250	1200	-	-	-	-
Danza	-	-	-	-	-	-	313	52	110	70
Outros (conferencias, club lectura...)	165	155	136	87	148	213	362	773	34	69
TOTAIS	3452	4214	11972	4327	5314	3676	3516	7888	3743	3843


Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia




Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia



CONCELLO DE CARRAL



Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia





Fonte: elaboración propia




Observemos tamén os datos de evolución no referente ao **número de actividades**.

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Teatro, maxia, títeres e monólogos	14	19	16	15	22	15	23	28	20	26
Contacontos	7	10	10	13	11	10	10	11	18	20
Audiovisual	14	18	21	26	16	20	15	6	6	10
Obradoiros e Escolas	2	5	7	6	7	6	6	4	4	3
Música	4	5	8	5	9	9	11	7	6	3
Exposicións	2	1	6	5	3	3	1	4	1	2
Festas	3	1	1	1	1	1	1	1	0	0
Danza	0	0	1	0	0	0	2	1	2	1
Outros (conferencias, club lectura...)	2	4	4	5	4	5	5	14	2	5
TOTAIS	50	63	74	72	73	67	80	76	59	70

Fonte: elaboración propia

Nesta parte da análise mantemos sen incorporar os datos relativos aos concursos de poesía.



Fonte: elaboración propia

Sobre estes datos podemos comentar:

- O pico na gráfica de totais de participantes conseguido no 2017 debeuse á realización da exposición *Fotos para as mil historias de Carral* (7000 persoas), que se ten demostrado en todas as súas edicións como a actividade cultural con máis éxito de público.
- Outro pico salientable é o do 2022, no que tamén dúas mostras en exteriores acadaron sumar un alto índice de seguidores. Foron as exposicións dos 25 anos do Premio de Poesía Concello de Carral.
- Sen ben a cifra total de participantes no 2021 é inferior á do 2020, a súa escasa diferenza permítenos considerar que se mantivo o índice do ano anterior. Que a pandemia provocara que non se puideran facer festas (Reis Magos, Entroido ou Samaín) e as restricións nos aforos impediu que o índice do 2021 fora superior.
- Con respecto ao ano 2023, a participación total no 2024 aumentou levemente e está na liña dos anos nos que non houbo eventos excepcionais.

- A asistencia ás artes escénicas recupera o leve descenso con respecto ao ano anterior, sen que aínda recupere o máximo índice do 2022.
- A programación infantil de contacontos é a categoría que mantén un ascenso mantido tanto no número de espectáculos como de participación. O número de sesións levadas a cabo no 2024 duplicou ás do 2021.
- Se ben as proxeccións de audiovisuais aumentaron durante o ano 2024, no referente a espectadores o ascenso foi menos pronunciado, manténdose aínda lonxe das cifras do 2019 e anteriores.
- No referente ás escolas culturais e obradoiros, no curso 24-25 non se iniciou ningunha escola e mantivéronse os obradoiros de poesía nos centros escolares.
- A programación musical demostrase como a máis feble da oferta municipal, tanto en número de propostas ofertadas como nas cifras de público.
- A gráfica de participantes en exposicións é probablemente a máis irregular, habendo un nivel moi baixo de asistencia no 2024.
- O apartado de Outros é o máis difícil para facer comparativas, xa que pode acoller actividades de moi diferente índole, sendo a maioría delas fóra dos programas habituais e con menos opción de planificación. No 2024 o índice de asistencia mantense nos máis baixos de toda a serie.


A programación musical é a máis feble tanto en índices de público como de propostas

Podemos analizar como foi a evolución do orzamento gastado anualmente con datos que temos recollidos desde 2021.

Ano	Orzamento total de gastos (€)
2021	61.474,54
2022	76.274,04
2023	52.228,15
2024	61.010,55

Fonte: elaboración propia






Fonte: elaboración propia

Calcularemos como cifra de referencia para valorar a evolución da programación ao longo dos último anos as medias totais de gastos por asistentes aos eventos ou actividades culturais.

Ano	Orzamento	Asistencia	Media de gasto
2021	61.474,54	3.516	17,48
2022	76.274,04	7.888	9,67
2023	52.228,15	3.758	13,90
2024	61.010,55	4.009	15,22

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

Sobre estes últimos datos podemos indicar:


- Os datos elevados de orzamento e participación do 2022 están motivados pola organización nese exercicio do Entroido e de exposicións e actividades vencelladas aos 25 anos do Premio de Poesía Concello de Carral.

- A media de gasto total por asistente leva aumentando desde hai dous anos sen que aínda chegue ao nivel de 2021.

Resultará útil coñecer tamén a evolución da programación cultural municipal nestes anos considerando o número de actividades por meses.

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Xaneiro	0	2	2	6	1	4	0	2	2	9
Febreiro	0	2	1	1	2	6	3	4	4	2
Marzo	2	1	10	1	1	2	2	8	8	5
Abril	6	8	5	5	10	0	3	6	6	4
Maiο	4	4	5	4	5	0	11	6	6	7
Xuño	2	11	3	9	2	1	6	8	8	5
Xullo	6	2	3	0	1	2	7	3	3	2
Agosto	1	1	9	4	3	2	5	2	2	6
Setembro	7	9	7	10	13	15	10	8	8	7
Outubro	7	9	11	10	16	14	14	12	12	7
Novembro	5	6	6	9	10	12	10	8	6	12
Decembro	8	7	11	11	9	9	9	11	6	7

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia

- No 2024 mantívose a intencionalidade de tentar equilibrar a programación ao longo do ano, se ben o outono sempre é unha época de maior de concentración de oferta, este ano acentuada pola programación de DinamizArt-J, que había que executala a partir de setembro. Xaneiro destaca na serie grazas ao festival FEM que se desenvolveu integramente nese mes.


Os seguintes datos que presentamos e avaliamos están relacionados con algunhas das programacións específicas. Son a programación dos ciclos *Músicas Íntimas*, *Teatro de Outono*, *Noites de Monólogo* e o *Premio de Poesía Concello de Carral*.

Ciclo Músicas Íntimas

Analizamos o ciclo *Músicas Íntimas*, que é a principal aposta musical do departamento de Cultura e que ten sufrido salientables mudanzas nos últimos anos. A música, agás cando se lle propón a público cautivo, tense demostrado como o xénero cultural con máis dificultades para captar público en Carral.

	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Espectadores	77	160	181	97	128	55	47	44	35

Fonte: elaboración propia



Fonte: elaboración propia


- O ciclo *Músicas Íntimas* está a manter un descenso de público, sendo os do 2024 os peores datos do ciclo desde o seu nacemento. Nesta edición os concertos tiveron lugar na Casa da Cultura, sen que houbera opción a facelo nun espazo singular que puidese resultar atractivo.

Ciclo Teatro de Outono

Teatro de Outono de Carral é a programación máis extensa das municipais de Carral e das que máis público atrae, incluso desde fóra do municipio.

	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Media asistentes	65	62	67	53	73	109	117	96

Fonte: elaboración propia



Fonte: Elaboración propia

No 2024 descendeu a media de público no ciclo de teatro

- Ante unha tendencia mantida de ascenso na media de asistencia aos espectáculos do ciclo teatral, no 2024 produciuse un cambio na tendencia cun retroceso na cifra. Se excluíramos do cálculo os espectáculos infantís de Galicreques, a variación na cifra sería menor.
- Para o ciclo Teatro de Outono faise unha avaliación específica dispoñible no vencello seguinte: <https://acortar.link/WGxf3M>

Ciclo Noites de Monólogo

O programa Noites de Monólogo, co que comezamos no 2015, é o que abre en setembro a actividade cultural municipal do outono, comezando o venres posterior ao remate das festas de Carral.

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Nº de monólogos	3	4	3	3	3	3	5	4	3	3
Media de asistentes	67	56	46	45	28	33	76	52	121	85

Fonte: elaboración propia





Fonte: Elaboración propia



Fonte: Elaboración propia


- Despois de que no 2021 e 2022 o número de funcións aumentara, no 2023 e no 2024 volveuse ao número de 3 espectáculos na configuración deste ciclo.
- Despois dun salientable crecemento no 2023 da cifra de asistencia media de espectadores, no 2024 houbo un descenso sendo o segundo mellor ano da serie.

Premio de Poesía Concello de Carral

Co Premio de Poesía Concello de Carral facemos unha revisión da progresión das cifras de obras presentadas ao longo das 27 edicións do certame.

Obras presentadas							
Ano	Nº obras		Ano	Nº obras		Ano	Nº obras
1997	8		2007	33		2017	46
1998	21		2008	38		2018	38
1999	31		2009	42		2019	44
2000	29		2010	46		2020	41
2001	18		2011	53		2021	56
2002	25		2012	40		2022	44
2003	18		2013	38		2023	90
2004	40		2014	36		2024	94
2005	10		2015	23			
2006	17		2016	54			

Fonte: Elaboración propia



Fonte: Elaboración propia

- No que atinxe ao premio de poesía, a gráfica fixo un enorme salto ascendente nos anos 2023 e 2024, no que a presentación de obras aumentou grazas ao sistema telemático de participación que se implementou.



CONCLUSIÓNS

Cos datos expostos podemos apuntar algunhas das conclusións máis salientables:

- As artes escénicas son a categoría con máis presenza na programación cultural de Carral, seguido da oferta de contacontos para o público infantil.
- O gasto directo de execución da programación (61.010,55 €) supuxo o 0,96% do orzamento municipal do 2024 (6.321.018,87 €).
- O 58% das actividades contaron con colaboración económica doutras institucións, ben subvencionando ao Concello de Carral ou asumindo o total do custo dos gastos.
- Coa colaboración da Deputación da Coruña puideron ofrecerse 25 actividades e coa da Xunta de Galicia un total de 7 actividades excluindo o Premio de Poesía Concello de Carral.



- Un total de 22 actividades realizáronse sen gasto para o Concello xa que foi asumido por outras entidades ou administracións.
- A parte subvencionada do orzamento total da programación do 2024 foi o 38%.
- A sala do Local Xente Nova é o espazo que acolleu máis propostas no 2024, seguido da Biblioteca e da Sala de Audiovisuais da Casa da Cultura.
- Toda a programación concentrouse nas parroquias de Carral e de Tabeaio.
- As actividades que mellor atendían a igualdade de xénero foron maioritarias dentro da programación.
- O número total de actividades no ano parece estabilizarse na franxa de entre as 70 e 80 propostas.
- A cifra total de participación semella que se establece arredor das 4000 persoas ao ano, sempre en cando queden excluídas festas e eventos puntuais de especial atractivo.
- O maior crecemento en número de propostas como de asistencia de público foi na categoría de contacontos.
- A cifra total de público de artes escénicas mantense estable desde 2022.
- Nas categorías de audiovisual e música a tendencia na asistencia de público nos últimos anos é á baixa.
- A cifra da media de gasto por participante leva dous anos en ascenso pero aínda lonxe de acadar a cifra de 2021.

- Se ben aínda o outono segue mantendo unha maior concentración de programación, no 2024 púidose compensar mellor na primeira parte do ano.
- O ciclo Músicas Íntimas sofre un descenso continuado desde 2020 obtendo os peores resultados desde que abandonou o escenario da piscina.
- As medias de asistencia en teatro e monólogos tiveron descensos no 2024.
- O sistema en liña de presentación de obras produciu un ascenso moi pronunciado no índice de obras participantes nos dous últimos anos do Premio Concello de Carral de poesía.



PROPOSTAS

Tendo en conta todos os datos expostos e expresando as principais conclusións, detéctanse eivas ou tendencias que cómpre corrixir para mellorar os niveis de impacto da programación cultural na sociedade carralesa.

Con fin de mellorar nos vindeiros exercicios propónse:

- Non caer na tentación de priorizar só aquelas categorías que ofrecen mellores datos de asistencia e de media de gasto. Non esquezamos os impactos que o Concello, como administración local máis próxima á cidadanía e que maior oferta cultural lle pode poñer a disposición, debe perseguir para conseguir unha sociedade mellor.
- Dispoñer dos espazos axeitados permitirá aumentar os índices de asistencia porque mellorará a calidade da exhibición, permitirá a contratación de espectáculos ata agora imposibles acoller en Carral e propiciará facilitar unha mellor oferta da man de asociacións e empresas culturais. Demóstrase urxente a necesidade dun teatro/auditorio que atenda esta necesidade.
- Aumentar o orzamento dispoñible para a programación cultural para que se achegue ao 2% do orzamento municipal total.
- Atender aquelas disciplinas menos frecuentes na programación, como por exemplo a danza, con estratexias que posibiliten a creación de públicos e unha maior demanda de propostas destas categorías.
- Mellorar a oferta de exposicións, sobre todo a de artes plásticas e visuais. Poñer os medios necesarios para aumentar a oferta, tentando mellorar a captación de públicos con espazos ben dotados e horarios axeitados para propiciar a visita.
- Prestar especial atención á oferta musical, con espectáculos que contribúan á formación de públicos. Explorar posibilidades de colaboración que permitan deseñar programas atractivos e que poidan estenderse en varias épocas do ano.
- Explorar novas estratexias para o ciclo Músicas Íntimas, que permitan recuperar o seu espírito e posibiliten o aumento de públicos.
- Dotar ao departamento de Cultura do persoal necesario para o bo desenvolvemento das súas funcións, cada vez máis complexas e burocratizadas, que permita estabilizar a programación ao longo de todo o ano, ofrecendo mellor servizo á cidadanía e calidade profesional a

empresas, artistas, entidades e demais colaboradores, profesionais ou non, que colaboran na execución dos programas municipais.

- Reforzar o ciclo de Cine Documental Galego, con maior programación e posibles colaboracións con entidades audiovisuais e festivais galegos.
- Recuperar propostas de obradoiros e actividades de creación dirixidos a público infantil.
- Manter unha maior vixilancia na contratación de propostas para recuperar os índices aceptables de igualdade de xénero na programación.
- No deseño urbanístico que a curto ou medio prazo poida desenvolver o Concello de Carral, prever espazos públicos que se adapten para ampliar a oferta cultural.
- Explorar posibilidades para que a programación cultural se estenda a un maior número de parroquias. Tentar alianzas con organizacións locais para o deseño e promoción da oferta nas parroquias máis rurais.
- Recuperar para a avaliación do exercicio 2025 a opinión que sobre o Concello de Carral e nomeadamente sobre o seu departamento de Cultura, teñen profesionais, empresas, particulares e entidades que colaboran na programación cultural.



ANEXO

Achégase a continuación a relación de actividades do 2024. Indícanse as actividades, as datas, a participación, se foi subvencionada ou non (no caso afirmativo apúntase o 1), o gasto asociado directamente ao seu desenvolvemento e cifra de custo resultante por participante.

Data	Actividade	Partic	Subven.		€	€/part.
			Si	Non		
11/1/24	FEM: Vestido de voda	65	1		0,00	0,00
11/1/24	FEM: Charla A tradición da regueifa	11	1		0,00	0,00
12/1/24	FEM: Bravas - Isabel Risco	45	1		0,00	0,00
18/1/24	Contacontos: Que animalíño é? - Trémola	92		1	450,00	4,89
18/1/24	FEM: Charla O Bo trato	7	1		0,00	0,00
19/1/24	FEM: Tabú - Carmen Conde	32	1		0,00	0,00
25/1/24	Contacontos: Coellíño branco - Trinketrinke	38		1	330,00	8,68
25/1/24	FEM: Charla A muller no audiovisual	4	1		0,00	0,00
26/1/24	FEM: The Witch - Diana Sieira	65	1		0,00	0,00
22/2/24	Contacontos musical: Mamá Cabra - Ondamini	90		1	775,00	8,61
29/2/24	Contacontos: A que xogan os ratos - Trinketrinke	39		1	330,00	8,46
7/3/24	Ciclo documentais: A semente dos Mártires	20		1	200,00	10,00
14/3/24	Ciclo documentais: Elías Valiña, o inventor das..	15		1	200,00	13,33
14/3/24	Contacontos: Momento musical para bebés	48		1	772,28	16,09
21/3/24	Contacontos: Os sete cabritos e... - Trinketrinke	45		1	330,00	7,33
21/3/24	Ciclo documentais: Lavadoiro	14		1	200,00	14,29
4/4/24	Ciclo documentais: Cardoña fotos a 7 pesetas	52		1	10,14	0,20
8/4/24	Obradoiro de poesía no IES	8		1	250,00	31,25
18/4/24	Contacontos bebés: Leo e a música - Trémola T.	72		1	524,99	7,29
25/4/24	Contacontos: Caracol namorado - Trinketrinke	43		1	330,00	7,67
15/5/24	Cine documental: O auto das ánimas	2	1		0,00	0,00
16/5/24	Teatro: Isaura e Tristán. Contastorias - Fantoques Baj	12	1		0,00	0,00
21/5/24	Obradoiro de poesía no CEIP	105		1	1500,00	14,29
23/5/24	Contacontos bebés: Contos de magos - Marisa I.	44		1	335,00	7,61
30/5/24	Contacontos: Fábulas - Trinketrinke	40		1	500,00	12,50
31/5/24	Concurso de Poesía "Concello de Carral"	94		1	3995,00	42,50
31/5/24	Acto do 27º Concurso de Poesía	40	1		256,00	6,40
3/6/24	Concursos escolar e xuvenil de poesía	72	1		132,00	1,83
19/6/24	CDG / Teatro ó Cubo: De Vilatriste a Vilalegre	40		1	605,00	15,13
20/6/24	Escola de Teares e Tapices (xaneiro a xuño)	15		1	1966,19	131,08
27/6/24	Inauguración Exposición Teares e Tapices	40		1	0,00	0,00
28/6/24	Cine ao aire libre: O Corno	17	1		850,15	50,01
10/7/24	Exposición Teares e Tapices	75		1	0,00	0,00
11/7/24	The Show Moscón - Galitooon	70	1		2359,50	33,71

CONCELLO DE CARRAL

8/8/24	Pomper – espectáculo de pompas de xabron	110		1	968,00	8,80
17/8/24	Concerto Iria Estévez - Fíos de Fado	20	1		1222,78	61,14
18/8/24	Concerto Leticia Rey	15	1		1673,27	111,55
22/8/24	Colectivo Glovo - Alleo	70	1		1500,00	21,43
22/8/24	SU.MA - Glamping	90	1		2163,82	24,04
29/8/24	O Show de Fifo - Soño	100	1		907,50	9,08
3/9/24	Paty Lesta e Cristian Leggiero - Contos de Pinocho	45	1		0,00	0,00
3/9/24	Cine ao aire libre: +Cuñados	35	1		860,14	24,58
13/9/24	Monólogo Xan Veiga - Que anos aqueles	84	1		900,00	10,71
19/9/24	Contacontos: Os xogos de Nano - Raquel Queizás	18	1		418,00	23,22
20/9/24	Monólogo: Tralalareira - Vero Rilo	86	1		0,00	0,00
26/9/24	Danzacontos: Laura Martínez - Viaxando coas ...	36	1		242,00	6,72
27/9/24	Monólogo: Marta Doviro - Memorias dunha...	85		1	880,00	10,35
4/10/24	Teatro: Apaga o candil - Contraproducións	65	1		3273,40	50,36
11/10/24	Teatro: Saíndo do cerco	62	1		1980,00	31,94
12/10/24	Teatro Galicreques: Diente de leche	42		1	500,00	11,90
18/10/24	Teatro: O auto do Castromil - Prod. Excéntricas	124	1		3968,80	32,01
24/10/24	Contacontos bebés: Bichocas - Xarope Tulú	32	1		440,00	13,75
25/10/24	Teatro: Testosterona - Malasombra	140	1		3924,77	28,03
26/10/24	Teatro Galicreques: Emotivas - Títrires	42		1	600,00	14,29
1/11/24	Teatro: Iphixenia na porta do súper - C. Humana	93	1		2330,00	25,05
7/11/24	Webserie Nómades	4	1		0,00	0,00
8/11/24	Teatro: Made in Galicia - Sarabela Teatro	104	1		3145,00	30,24
9/11/24	Presentación Sepulcro de Paleó	7		1	302,50	43,21
11/11/24	Concerto de Leria - Elas Son Artistas	260		1	2359,50	9,08
14/11/24	Cine documental Bravú XXX	28	1		0,00	0,00
15/11/24	Teatro: Chicago - Teatro Arroutada	175		1	500,00	2,86
16/11/24	Teatro: A Profecía - A Tropa do Rueiro	102		1	0,00	0,00
21/11/24	Contacontos bebés: Leo e os números - Trémola Teatro	32		1	300,00	9,38
22/11/24	Teatro: Solo - Roi Borrallas	104	1		4146,00	39,87
28/11/24	Contacontos: Viaxe pola Galicia encantada	36		1	590,00	16,39
29/11/24	Teatro: Crisálida - Caramuxo Teatro	98	1		3052,77	31,15
5/12/24	Contacontos: Rosa e Azul - Pérez&Fernández	3	1		0,00	0,00
7/12/24	Contacontos: Cabicivai - Pablísimo	43	1		0,00	0,00
12/12/24	Película: La Navidad en tus manos	23		1	10,14	0,44
13/12/24	Teatro: Os contos clásicos da tía Carolina - Paso de Valverde	32	1		310,00	9,69
14/12/24	Contacontos: Os contos de William Shakespeare	22	1		0,00	0,00
19/12/24	Contacontos: O que non sabías do Nadal	51		1	340,91	6,68
20/12/24	Exposición: Nós tamén fomos emigrantes	20	1		0,00	0,00
	TOTAL	4.009			61.010,55	